



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARIÑO

Rectificación bases Concilia Cariño Nadal 2024-2025

A efectos de xeral coñecemento, faise público que mediante Decreto Alcaldía de data 27/11/2024, rectifícanse as **BASES DA SELECCIÓN DO CAMPAMENTO CONCILIA CARIÑO NADAL 24/25 (EXPDTE 2024/S013/000047)**, no seguinte sentido:

Visto o Decreto Alcaldía 491/2024, de 21/11/2024 polo que se aproban as bases da selección do campamento Concilia Cariño Nadal 24/25 (Expdte 2024/S013/000047), e publicadas no BOP nº 228, de 26/11/2024.

Considerando a existencia de un erro de transcripción na cláusula 11 de ditas bases de tal xeito que onde di “O prezo por asistencia ao Campamento, por cada semana, é de: 1º membro da unidade familiar: 25 €, 2º membro da unidade familiar: 19 €, posteriores membros da unidade familiar: 15 € deberá dicir **“O prezo por asistencia ao Campamento é de: 1º membro da unidade familiar: 25 €, 2º membro da unidade familiar: 19 €, posteriores membros da unidade familiar: 15 €”**”.

Visto o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das AAPP ao establecer que as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En base ao anteriormente exposto

RESOLVO:

PRIMEIRO: Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das AAPP, a cláusula 11 das bases da selección do campamento Concilia Cariño Nadal 24/25 (Expdte 2024/S013/000047), e publicadas no BOP nº 228, de 26/11/2024, de tal xeito que onde di “O prezo por asistencia ao Campamento, por cada semana, é de: 1º membro da unidade familiar: 25 €, 2º membro da unidade familiar: 19 €, posteriores membros da unidade familiar: 15 € deberá dicir **“O prezo por asistencia ao Campamento é de: 1º membro da unidade familiar: 25 €, 2º membro da unidade familiar: 19 €, posteriores membros da unidade familiar: 15 €”**”.

SEGUNDO: Publicar a presente rectificación no BOP e dar ao Pleno corporativo, na primeira sesión ordinaria que se celebre.

CARIÑO 27 DE NOVEMBRO DE 2024

A ALCALDESA

ANA MARIA LÓPEZ FERNANDEZ

2024/8546